

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/1	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	02 de xaneiro de 2026
Duración	Dende as 13:05 ata as 13:15 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-1054)

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 19.12.2025****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 19 de decembro de 2025.

Expediente 1467/2023. Solicitud de prórroga para ocupación de despacho no Viveiro de Empresas

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 27/11/2025 a Comunidade de Propietarios do Polígono Área 33 presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello solicitando a prórroga para continuar ocupando o despacho que actualmente utiliza no Viveiro de Empresas municipal.

Visto que consta no expediente o contrato de cesión de uso do despacho núm. 1 das instalacións do Viveiro de Empresas, asinado por D. Juan Carballo Silva presidente da Comunidade de Propietarios do Polígono Área 33 e o Concello de Silleda.

Vistas que as Bases de funcionamento do Viveiro de Empresas, establecen que a duración inicial do contrato será de dous anos, prorrogable por un máximo de doce meses, sempre condicionado á dispoñibilidade de espazos e á valoración favorable da Comisión de Seguimento.

Vista a Acta da Comisión de seguimento do Viveiro de Empresas, que consta no expediente, que informa favorablemente a concesión da prórroga.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder a Comunidade de Propietarios do Polígono Área 33 a prórroga para a ocupación do despacho núm. 1, que actualmente utiliza no Viveiro de Empresas, polo prazo máximo de 12 meses, isto é ata o 29/11/2026, contado desde a finalización do contrato inicial.

Segundo.- Manter en vigor as condicións establecidas no contrato de cesión asinado coa interesada.

Terceiro.- Notificar á solicitante a presente resolución, advertíndolle que, rematado o prazo da prórroga, non caberá nova ampliación.

Expediente 855/2024. Adhesión ó Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia

núm. 250 de 29 de decembro de 2025 a Resolución do 14 de decembro *pola que se publica o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través desta consellería, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.*

Visto que o antedito convenio prevé a adhesión voluntaria daqueles concellos interesados en obter a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio das súas competencias en relación coa xestión das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.

Visto que a adhesión dos concellos estará condicionada a dispoñer de Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais aprobado.

Visto que o concello de Silleda dispón de Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 28.09.2023

Visto que o Concello de Silleda pretende, coma nas edicións anteriores, adherirse ao antedito convenio.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Silleda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda